

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 25 de abril de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 25/04/2025
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 25/04/2025
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Memoria e documentación adicional para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- V. Rexistro R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2025/2026.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### 1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2025 e extraordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025.**

Os borradores das actas achegáronse por correo xunto coa convocatoria.

O profesor Benito Vázquez sinalou que no informe da directora da sesión ordinaria do 26/02/2025 non está recollida unha das actividades que realizou nun IES e facilitou a información para que sexa engadida.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións coa corrección solicitada; estas serán publicadas na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

### 2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

### 3. **Aprobación, se procede, da memoria e documentación adicional requirida para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.**

A Directora sinala que, aínda que se trata de un máster interuniversitario de recente creación, xurdiu unha problemática coas interpretacións e os procedementos de cada universidade con respecto ao requisito de nivel de inglés. Aclara que no primeiro curso de impartición resolveuse de xeito provisional mediante un acordo das vicerreitorías correspondentes das 3 universidades relativo á acreditación da competencia lingüística.

A continuación cede a palabra a María Araújo, Coordinadora do MUXSA na UVIGO, quen lembra que a memoria para a modificación foi aprobada na Xunta de Escola do 26 de febreiro. Posteriormente se recibiron informes, alegacións e suxestións nas tres universidades. A mososa e comenta o documento de respostas ás alegacións. A continuación amosa e comenta o documento de resumo das modificacións da memoria, salientando que o punto crítico era o requisito de nivel de inglés, imprescindible xa que figuraba como lingua de impartición; decidiuse eliminar ambas cousas e aproveitar para facer algunha pequena modificación máis. Señala que algunhas das suxestións recibidas non se atenderon e aclara que o plan modificado se implantaría no curso 26/27.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, memoria modificada e a documentación adicional.

#### **4. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

A Directora sinala que é necesaria a aprobación en Xunta de Escola do rexistro *RI DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2025/2026*, que foi validado na Comisión de Calidade celebrada o 24/04/2025.

Cede a palabra a Ana Rodríguez, Coordinadora do PAT-ANEAE do centro, quen sinala as modificacións efectuadas con respecto ao plan do curso anterior. Engade algunhas reflexións sobre a comunicación co estudantado PIUNE o curso actual. A súa impresión é que o estudantado se amosou distante e pouco comunicativo, tal vez porque cursaba unha materia impartida por ela, de xeito que non tivo suficiente *feedback* de cara á elaboración do informe final. Engade que neste informe incluía a suxestión de que podería ser máis eficiente ter un titor estudante ou un titor de apoio para que as respostas dos estudantes PIUNE fosen máis abertas.

Na Comisión de Calidade acordouse validar o PAT-ANEAE delegando na dirección a redacción definitiva para recoller no apartado 5 a posibilidade de nomear algunha persoa titora de apoio.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, o PAT-ANEAE do centro.

#### **5. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e cinco de abril de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 25/04/2025

## Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o venres, 25 de abril de 2025.

A reunión terá lugar na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2025 e extraordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, da memoria e documentación adicional requirida para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 4) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 5) Rogos e preguntas.

Vigo, 11 de abril de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

**CSV : GEN-188b-8fda-0ad4-8e51-caa6-5a36-9572-e254**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

**FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 11/04/2025 09:42 | NOTAS : F**



## **ANEXO II**

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 25/04/2025

## ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 25/04/2025

### Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Andrés Herguedas, Laura
4. Araújo Fernández, María
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Eguía Oller, Pablo
7. García Bastante, Fernando
8. García Lomba, Guillermo
9. Giráldez Pérez, Eduardo
10. Goicoechea Castaño, María Iciar
11. González Rodríguez, Elena
12. Guitián Saco, M<sup>a</sup> Beatriz
13. Patiño Vilas, David
14. Pazo Rodríguez, María
15. Pérez Pérez, M<sup>a</sup> Carmen
16. Rivas Brea, Teresa
17. Rodríguez Rodríguez, Ana María
18. Vázquez Dorrió, José Benito

### Alumnado

–

### Persoal de Administración e Servizos

19. Romo Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen

### Desculpan a súa ausencia

- Cabeza Simó, Marta
- Diez Ferrer, José Bienvenido
- Domínguez Santiago, Ángeles
- Liz Marzán, Eduardo
- Pérez Orozco, Raquel
- Pozo Antonio, José Santiago
- Vijande López, Javier

## ANEXO III

### Informe da Directora

## ANEXO IV

Memoria e documentación adicional requirida para a  
modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da  
Auga



## ANEXO V

Rexistro R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás  
necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE)  
do centro para o curso 2025/2026